

O Proxecto “Municipios e Competencia” no que participa a Comisión Galega da Competencia premiado pola International Competition Network (ICN) e o Banco Mundial (BM)

A ICN e o BM premiaron a iniciativa “Municipios e Competencia” pola súa contribución para mellorar a comunicación cos actores locais e promover o interese pola competencia a nivel municipal. A entrega do premio foi realizada no marco do 2023 ICN-WB Competition Advocacy Contest á presidenta da CNMC.

A Comisión Galega da Competencia (CGC), con outras autoridades autonómicas de competencia, participa neste proxecto da CNMC e en execución do mesmo a CGC organizou en Santiago de Compostela, no ano 2022, unha Xornada sobre a prórroga de concesións dos servizos públicos municipais e elaborou un documento de traballo que se presentou nela. A Xornada contou coa intervención, ademais da CGC, da CNMC, do Consello de Contas de Galicia, da FEMP, de técnicos das administracións locais, da Xunta Consultiva de Contratación de Galicia e do Tribunal Administrativo de Contratación de Galicia.

A International Competition Network (ICN) e o Banco Mundial (BM) convocaron Competition Advocacy Contest 2023 co obxectivo de poñer de relevo o papel cruce que desempeñan as axencias de competencia, os reguladores sectoriais e outros organismos gobernamentais ou organizacións non gobernamentais na promoción da competencia, mostrando as súas historias de éxito na defensa da competencia.

O premio concedido ao proxecto “Municipios e Competencia” outorgouse por mellorar a comprensión dos principios de competencia por parte das autoridades locais e potenciar as intervencións públicas. E así sinala o ICN e o BM que, para iso, a CNMC (coa participación da CGC e outras Autoridades Autonómicas de competencia) organizou talleres baseados en estudos de casos nos que participaron municipios e partes interesadas. Este esforzo indica que se traduciu nunha mellora da comunicación entre a autoridade e as partes interesadas locais, así como nun maior interese por promover a competencia a nivel local.